

1º ESO: CRITERIOS DE AVALIACIÓN (DOG-13-07-2007) valorarase o grao de adquisición das competencias básicas, dos contidos e a consecución dos obxectivos. (DOG 7-01-08)

1. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico. Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.

Este criterio permite avaliar se o alumnado é quen de comprender e de reproducir, oralmente ou por escrito, o propósito, o tema e os feitos fundamentais de textos oídos, como noticias de actualidade procedentes dos medios de comunicación, instrucións para realizar tarefas ou breves exposicións de tema académico.

2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos sinxelos dos ámbitos social e académico. Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.

Este criterio permite avaliar se o alumnado é quen de comprender e resumir contos, noticias, mensaxes electrónicas, informacións de enciclopedias e outros textos escritos semellantes, recoñecendo o tema principal e os secundarios, se os houber, apoiándose en aspectos gráficos (tipos de letra, subliñados, ilustracións...) ou en trazos de cohesión claros (distribución en parágrafos, comezo e final destes...). Tamén permite comprobar se o alumnado é capaz de seguir instrucións escritas sinxelas relacionadas coas tarefas de aprendizaxe que debe abordar.

3. Realizar exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Con este criterio preténdese descubrir cal é a capacidade do alumnado para narrar, describir e expoñer oralmente sucesos, informacións, valoracións, etc. seguindo un guión previamente elaborado e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC. Preténdese tamén que sirva para valorar a calidade das súas interaccións orais, tanto cando exerce o papel de emisor como cando exerce o de receptor, calidade que deberá demostrar no traballo cotián da aula e mais nas situacións propias do contexto extraescolar que se simulen nela. Debe servir para valorar habilidades lingüísticas e actitudes: a corrección, o respecto aos valores democráticos e ás regras sociocomunicativas (saídos, non interrupción de quen fala...), a actitude dialogante e atenta ás expresións ou opinións dos demais, a pertinencia e mais a adecuación das intervencións e a manifestación de ideas e sentimentos propios.

4. Escribir, seguindo un modelo, narracións e descrições, así como outros textos sinxelos propios da vida cotián, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planificar e revisar os ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.

Este criterio permitiralle ao alumnado demostrar que é capaz de escribir textos breves e sinxelos como mensaxes de correo electrónico, noticias, contos, resumos de temas académicos adecuados á idade... previamente planificados mediante esquemas que reflectan as ideas que se queren expresar. Tamén permitirá comprobar se se cuida a presentación (marxes, sangrados, tamaños de letra, subliñados, ilustracións...) e se se revisan as propias producións, aproveitando para todo isto os coñecementos que ten o alumnado e as posibilidades que ofrecen procesadores de textos, correctores ortográficos ou dicionarios e vocabularios en diversos soportes.

5. Consultar, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.

Este criterio está orientado a avaliar a capacidade de usar con efectividade un recurso concreto sinalado polo profesorado e procedente, ben da biblioteca do centro, ben dos medios audiovisuais e das TIC, para responder a preguntas formuladas na aula.

6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.

Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais. Avaliase, sobre todo, a apreensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión (a deixé, a actualización, as referencias internas de tipo gramatical, os conectores), da adecuación e da gramaticalidade e a súa incorporación ás producións propias, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.

Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e se se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula. Avaliarase tamén a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

8. Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio avaliarase a comprensión, a través dun achegamento activo, do contexto sociolingüístico máis próximo, considerando a percepción das actuacións normalizadoras e da presenza de prexuízos, así como a adopción de actitudes positivas cara o uso normalizado da lingua.

9. Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular.

Este criterio permite avaliar o recoñecemento da diversidade lingüística e cultural e se esta chega a ser entendida como riqueza e reflexo do dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, valorándoa positivamente.

10. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero.

Este criterio está dirixido a avaliar a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas axeitadas á idade.

Considerarase a elaboración dunha opinión propia atendendo á potencialidade dos trazos temático-formais do xénero para ampliar o coñecemento do mundo que cada quen posúe.

11. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente os trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.

Con este criterio avalíase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario (de distintos canons) a partir dos comentarios realizados na aula. Porase especial atención na identificación das características xenéricas e na captación do valor funcional dos principais recursos retóricos.

12. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empreguen.

Avaliarase a través deste criterio a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir de modelos, con comprensión dos distintos recursos, fundamentalmente estilísticos, dos textos lidos e comentados na aula. Terase que comprobar que o alumnado é quen de empregar nos propios escritos determinados coñecementos literarios.

Polo tanto, os mínimos que se esixirán en xuño, orientados ao logro das competencias básicas xa sinaladas, serán os seguintes:

1. Saber sintetizar oralmente e por escrito o sentido global de diversos tipos de textos, orais ou escritos, diferenciando as ideas principais das secundarias.

2. Participar en galego en diversas situacións comunicativas, individual ou colectivamente.

3. Elaborar diferentes tipos de textos escritos: expositivos, narrativos, descritivos, etc. con corrección.

4. Coidar a orde, claridade e presentación dos escritos. Tamén integrar as normas ortográficas, morfosintácticas e léxicas.

5. Producir textos orais e escritos relacionados cos distintos medios de comunicación.

6. Saber utilizar o vocabulario que conforma os campos léxicos adecuados á súa idade. Lembrar o significado do vocabulario visto na clase.

7. Utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos diferentes contextos comunicativos.
8. Responder con corrección as cuestións explicadas na clase sobre morfoloxía e sintaxe.
9. Identificar o xénero ó que pertence unha obra literaria.
10. Partindo das propias ideas e experiencias, tomando como modelo as obras lidas ou traballadas na clase, producir textos de intención literaria.
11. Ter o caderno de clase ao día e ben coidado.
12. Comentar oralmente ou por escrito os libros de lectura obrigatoria demostrando a súa lectura.

Ao comezo do curso farase unha proba de avaliación inicial para vermos o dominio oral e escrito da lingua galega que ten o alumnado e para podermos adoptar as medidas oportunas.

O profesorado controlará o caderno do alumnado periodicamente e terao en conta na nota da avaliación.

Os instrumentos utilizados serán probas orais e escritas e o traballo diario na aula. En cada avaliación o profesor/a terá en conta para a cualificación do alumno/a todas as anotacións da libreta: chamadas, tarefas realizadas, controis, libros lidos, progresión, actitudes positivas e negativas facendo unha media ponderada de todo (60% probas escritas e 40% o resto). Á nota resultante sumaráselle os libros voluntarios e ENL se hai

A avaliación será continua (DOG 7-01-2008), en números do 1 ao 10

En setembro o Departamento elaborará unha proba baseada só no libro de texto oficial. Para aprobar cómpre un 5 na proba (de 4,5 a 4,9 redondearase a 5, de 4,1 a 4,4 redondearase a 4)